



Concello de Ribeira de Piquín

DECRETO DA ALCALDÍA

En Ribeira de Piquín, a 17 de abril de 2024.

Asunto: Nomeamento tribunal de selección proceso selectivo para a contratación de un/unha (1) auxiliar de axuda no fogar, como persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición e para creación de bolsa de emprego, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses.

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

De conformidade co expediente de provisión de un/unha (1) auxiliar de axuda no fogar, como persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición e para creación de bolsa de emprego, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses, regulado nas Bases aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2024-0114, de data 1 de abril de 2024 e publicadas no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 078, do 4 de abril de 2024.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 2024-0119, se nomea o tribunal de selección de dito proceso selectivo, nomeando a Dna. Andrea Pasarín Marey como vogal.

Vista a comunicación de abstención do membro do tribunal, presentada por Dna. Andrea Pasarín Marey con núm. de rexistro de entrada 2024-E-RC-250, por ter vínculo de parentesco de consanguinidade coa única candidata ao posto de traballo,
RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar a causa de abstención alegada por Dna. Andrea Pasarín Marey.

SEGUNDO.- Proceder a nomear a D. Miguel Fernández Labrada, empregado público deste Concello, como segundo Vogal do Tribunal de selección de persoal dun/dunha auxiliar de axuda no fogar.

TERCEIRO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 17 de abril de 2024.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

